

ROMA

Continuamos a viaxe por unha cidade que ten o municipio máis poboado de Italia e é a terceira cidade máis poboada de Europa. Esta cidade é **Roma**, capital de Italia , coñecida como “A Cidade Eterna”.



O nome de Roma púxollo un home chamado Rómulo. Unha lenda conta que, hai moitos séculos , naceron dous bebés xemelgos que non eran queridos polo seu pai e alguén , para salválos, deixounos nunha canasta no río Tiber. Unha loba, chamada Luperca, que se acercou a beber no río , recolleunos e amamantounos ata que foron vistos por un pastor que os levou para a súa casa e os criou.

Foron bautizados como **Rómulo e Remo**. Cando foron grandes os dous irmáns discutiron sobre o lugar onde fundar a cidade de Roma. Ao final Rómulo acabou con Remo e proclamouse rei de Roma. **Rómulo** converteuse así no primeiro **rei de Roma**.

A continuación aparecen dúas estatuas moi coñecidas hoxe en día.



Rómulo e Remo na Casa da Loba na Gran-Place de Bruselas.



Luperca amamantando aos xemelgos Rómulo e Remo, segundo a lenda máis difundida sobre a fundación de Roma.

Un dos lugares máis importantes de Roma é a **Cidade do Vaticano**, que é onde reside o **Papa Francisco**. Esta cidade é unha **cidade-Estado** que quere dicir que é un país formado por unha soa cidade. A Cidade do Vaticano é o país máis pequeno e menos poboado do mundo. Mide uns 0,44 km² e ten 800 habitantes. Aquí é onde está a **Santa Sede** que é a institución que dirixe a Iglesia. A máxima autoridade do Vaticano é o Papa Francisco.



Dentro da Cidade do Vaticano hai tres lugares espectaculares para visitar. O primeiro é a **Praza de San Pedro** que é unha das prazas máis bonitas do mundo e na que collen máis de trescentas mil persoas. Sabías que na parte máis alta das súas columnas ten **140 estatuas de santos**? No medio da praza está o **obelisco** (*monumento de pedra de forma cadrada e alongado que remata nunha pirámide*) que mide 25 metros de altura e dúas fontes.



O segundo lugar destacado é a **Basilica de San Pedro** que é un dos edificios máis grandes do mundo e un dos templos máis sagrados. Na súa construción e decoración participou “Miguel Ángel” que era un arquitecto, escultor e pintor moi importante da nosa historia. Tamén se pode desfrutar das vistas de toda a cidade se se sube á cúpula da basílica. A entrada á basílica é gratuíta.



Os Museos Vaticanos son galerías onde están unhas das coleccións de arte máis grandes do mundo.

Dentro destes museos está a **Capilla Sixtina**. As paredes do interior desta capilla foron pintadas tamén por Miguel Ángel. Pintou “**La creación de Adán**” situada no centro do teito e “**El Juicio Final**” que son os dous frescos* máis impresionantes da capilla, entre outras pinturas. A capilla sixtina está considerada como un monumento histórico moi importante por iso foi declarado Patrimonio da Humanidade .Hoxe en día é o lugar onde é elixido un novo Papa.

Aquí vos deixamos un vídeo para que desfrutedes das súas pinturas.

A FONTANA DI TREVI

Está considerada a fonte máis fermosa do mundo. Ocupa todo o lateral dunha praza e está situada no cruce de tres rúas .Impresiona pola súa gran escultura.




O COLISEO

Era coñecido como o **anfiteatro Flavio**. Ten unha capacidade para 60.000 persoas e era o lugar onde os emperadores (os que mandan por riba do rei) trataban de entreter ao pobo con espectáculos de todo tipo: pelexas de gladiadores (loitadores), recreacións de loitas...Este monumento tivo un gran deterioro debido aos continuos terremotos que xurdían na zona.



O PANTEÓN DE AGRIPA

Era un antigo templo romano (edificio sagrado) e é o monumento mellor conservado do Imperio Romano (Antiga Roma) Ten unha impresionante cúpula cunha abertura pola que entra a luz natural iluminando todo o interior. Na fachada ten 16 columnas de granito e no seu interior están as tumbas dalgúns reis de Italia



1. Responde con V (verdadeiro) ou F (falso)

- ☐ Roma é a segunda cidade máis poboada de Europa.
- ☐ A capital de Italia é Roma.
- ☐ Rómulo era un pintor italiano moi famoso.
- ☐ A Roma coñéceselle como a Cidade Grande.
- ☐ Remo acabou con Rómulo.
- ☐ Rómulo proclamouse rei de Roma.
- ☐ Rómulo e Remo eran pai e fillo.
- ☐ A loba Luperca amamantou a dous bebés xemelgos.

2. Responde as seguintes preguntas:

- Onde reside o Papa Francisco?

- Que é unha Cidade-Estado?

- Cal é o país máis pequeno do mundo?

3. Marca a resposta correcta

- Onde é elixido un novo Papa?.

- ☐ Na Basílica de San Pedro
- ☐ Na Capilla Sixtina.
- ☐ No panteón de Agripa.

- No medio da Praza de San Francisco:

- ☐ Hai un obelisco.
- ☐ Hai tres fontes.
- ☐ Ningunha das respostas anteriores é correcta

4. Une cada debuxo co nome e coloca a información no seu lugar.



É a fonte máis fermosa do mundo

Lugar onde os emperadores entretiñan ao pobo con espectáculos

PRAZA DE SAN PEDRO

PANTEÓN DE AGRIPA

FONTANA DI TREVI

COLISEO

LUPERCA

BASÍLICA DE SAN PEDRO

Antigo templo romano

Foi decorada polo pintor Miguel Ángel.



Luperca amamantando aos xemelgos Rómulo e Remo,

Ten 140 estatuas de santos